

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

LETRAS GALEGAS 2022

17 DE MAIO



Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córqomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

Deuse a coñecer como poeta co seu libro Bebedeira, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

En México foi un dos fundadores da revista Vieiros, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista e da Hora de Galicia, un programa de radio que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos.

Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.

1. Arrastra as palabras onde corresponda

Gurriarán

Valdeorras

agosto

avogado

dereito

Córgomo

Florencio Manuel Delgado _____

naceu en _____ na bisbarra ourensá de
_____ o 27 de _____ de 1903.

Estudou _____

E no ano 1928 instalouse como _____ no Barco

2. Adiviña....adiviñanza. Escolle a resposta correcta

"Cando chove e vai sol, todas as cores téñoas eu."

ARCO DA VELLA

MONTE PINDO

ILLA DE ONS

RÍO SIL

3. De qué provincia era Florencio? Clica na resposta axeitada



4. Escribe V se é verdadeiro ou F se é falso.

- ☐ Florencio naceu na provincia de Pontevedra.
- ☐ Despois da guerra marchou a México.
- ☐ Exerceu como avogado no Barco.
- ☐ Foi membro da Real Academia Galega.
- ☐ No ano 2018 adicóuselle o Día das Letras Galegas.

A CALDEIRA

Do río de Farelos
aí vén a caldeira
para matar a sede
de todas as terras.

Espellíño ledó,
cristal manseliño,
vén cantaruxando
á beira dos camiños.

O seu ben reparte,
cal samaritana,
e acaba pobriña,
e morre escoada.

Bebe o boi marelo,
bebe a mansa besta,
beben as herbiñas...
todos beben dela!



Florencio Delgado Gurriarán

1. Escolle a resposta correcta

De que río ven a caldeira?

Río de Farelos

Río Miño

Río Sil

Río Arnoia

A caldeira do río Farelos vén a...

apagar os lumes forestais

matar a sede de todas as terras

mover os muíños do río

facer ruído nas fervenzas



A caldeira vén cantaruxando...

á porta da miña casa

polo parque da aldea

á beira do camiño

detrás da escola de infantil

O autor deste poema é

Rosalía de Castro

Florencio Delgado Gurriarán

Manuel Murguía

Celso Emilio Ferreiro

2. Une cada nome que aparece no poema co adxectivo que lle corresponda.

cristal

boi

espelliño

besta

ledo

manseliño

mansa

marelo

3. Escribe o número de...

estrofas

versos

4. As metáforas sirven para establecer semellanzas. Neste caso, o río Farelos con un espelliño de cristal.

Que pensas ti que significan estas metáforas? Escolle a resposta máis axeitada

Caían do ceo boliñas de algodón

Chovia moito

Nevaba

Ía moito sol

Subíase polas paredes

Estaba enfadado

Estaba triste

Estaba moi contento